

# NIÑA NINETTE



DETERMINADA  
COMPANIA

ESPECTÁCULO DE DANZA PARA NENAS E NENOS A PARTIR DOS 3 ANOS

## **1-DATOS DA EMPRESA**

## **2- MEMORIA DO ESPECTÁCULO**

## **3-MEMORIA DIDÁCTICA**

Unidade Didáctica

Coordinación

Seguemento

## **4-PÚBLICO OBXECTIVO**

## **5- SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL**

Currículum de Paula Quintas

Traxectoria de Determinada Compañía



## 1-DATOS DA EMPRESA

### Determinada Compañía:

Paula Quintas Santos

Rúa Betanzos 19, 3ºB, 15703 Santiago de Compostela

NIF 44479631T

[info.paulaquintas@gmail.com](mailto:info.paulaquintas@gmail.com)

669258384

[www.determinadaco.com](http://www.determinadaco.com)

## 2- MEMORIA DO ESPECTÁCULO

### Sinopse

*Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sinte a falta do seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e como todos os labirintos, é moi doado entrar pero ben complicado sair. Será que ela o consegue?*

Nina Ninette é un conto iniciático que se inspira na estética do Ballet Triádico de Oskar Schlemmer - Bauhaus- do 1921 celebrando o centenario da súa estrea, para danzar unha historia de beleza e rebeldía.



## Ficha

Autoría e dirección: María Torres

Coreografía: Marta Alonso Tejada e Paula Quintas

Elenco: Marta Alonso Tejada, Paula Quintas e Carlota Mosquera

Escenografía: Gonçalo Guerreiro

Música orixinal: Alex Salgueiro

Vestuario: Diego Valeiras

Iluminación: Nacho Martín

Atrezzo: Marta Mallo e Juan Lens

Audiovisuais: Ángel Sousa e Mila Ercoli

Deseño Gráfico: Paulina Funes

Axuda á creación: Agadic . Xacobeo 2021 . Xunta de Galicia

Colaboran: Concello da Estrada, Concello de Negreira, Danza Alfaia, Centro Coreográfico Galego, Galicia Danza Contemporánea.

**Duración:** 55 minutos

**Vídeo teaser:** <https://vimeo.com/680783342>

**Vídeo completo:** <https://vimeo.com/551923167/edb01c77db>

**Ficha en web:** [www.determinadaco.com](http://www.determinadaco.com)



### **3-MEMORIA DIDÁCTICA: Unidade Didáctica**

#### **INTRODUCCIÓN**

O xogo dramático na educación infantil é unha excelente ferramenta para o desenvolvemento integral das súas capacidades (cognitivas, motoras, afectivas e sociais).

“Nina Ninette” é un espectáculo de danza para público infantil de 3 a 10 anos que procura fomentar a creatividade, a expresividade e a intelixencia emocional.

A metodoloxía empregada está baseada no xogo, na improvisación e no “fai o que sintas”, explorando e descubrindo o corpo e as súas posibilidades de movemento.

Na etapa de educación infantil é moi importante a aprendizaxe a partir do xogo. É un momento de grandes cambios, no que as nenas e nenos están a descubrirse e coñecer o seu entorno e a si mesmos.

A danza como ferramenta de aprendizaxe ten os seguintes beneficios na educación infantil:

- Fomenta o desenvolvemento corporal e motor (coordinación, motricidade)
- Potencia o desenvolvemento sensorial (estimulando os sentidos) e cognitivo
- Desenvolve a capacidade comunicativa, potenciando o uso da comunicación corporal e xestual para transmitir mensaxes
- Estimula a intelixencia emocional. As nenas e nenos experimentan e expresan emocións de maneira simbólica e atopan solución a conflitos emocionais
- Serve de axente socializador, xa que se establece un punto de encontro entre iguais, de maneira que se practican hábitos de cooperación e relación
- Promove a imaxinación e a creatividade

#### **OBXECTIVOS**

O obxectivo é que nenas e nenos adquiren conciencia da súa propia identidade. Xogando a interpretar as distintas personaxes da obra irán descubrindo como se comportarían elas mesmas, que emocións sentirían, como se moverían, que pensarían e como solucionarían unha determinada situación.

O xogo dramático baséase na improvisación. Aínda que partimos dos elementos dados pola obra (tema, personaxes, situación), o seu comportamento e o seu discurso son creación súa, coa que manifestan a súa propia expresividade.

Podemos facer grupos de nenas e nenos segundo o personaxe que escollan para interpretar.

Comparando as diferentes interpretación do mesmo personaxe, conseguiremos que:

- Observación atenta das diferentes versións de cada personaxe
- A cada nova actuación, as nenas e nenos tentarán introducir modificacións con respecto á interpretación anterior do mesmo personaxe
- Empezarán a decatarse de que existen diferentes maneiras de entender unha mesma realidade e a respectar outras opcións e opinións

En todas estas actividades, aínda que pretendemos que toda a clase participe, debemos evitar a excesiva repetición para evitar o cansazo ou aburrimiento. Chegado o caso, cambiamos de improvisación.

Unha vez rematada a actividade, faremos unha posta en común mediante asemblea. Será o momento de reflexionar, expresarse, sacar conclusións, compartir a experiencia, escoitar as diferentes opinións, comunicar e tomar conciencia do vivido no teatro.

Resulta igual de importante a participación na actividade como a observación activa das compañeiras e compañeiros. Hai que ter en conta que a estas idades cústalles moito escoitar ao resto. Xa que logo, a observación da participación dos demais no xogo dramático fomenta a súa capacidade de escoita activa.

## **ACTIVIDADES**

FASE PREVIA: Contextualización

Nesta fase explicase na aula en que consistirá a actividade, cos seguintes temas a tratar:

- O teatro e as diferentes partes dun teatro (escenario, telón , bambalinas, patio de butacas, palcos) mostrando fotos do teatro onde está prevista a función
- A danza e as diferentes disciplinas de artes escénicas (teatro, danza, circo)
- O mundo da fantasía e a diferenza entre a realidade e a ficción
- O vocabulario na danza:
  - COREÓGRAFÍA: conxunto de movementos que, estruturados e ordenados, forman unha composición de danza.
  - INTÉRPRETE: persoa que interpreta os movementos cos cales dá forma ás súas emocións.
  - ENERXÍA: inicio/arranque e modificación do movemento.
  - EXPRESIÓN: maneira de transmitir ou contar algo. Como a música, o audiovisual, o teatro...
  - FRASE: conxunto de movementos ordenados. Varias frases fan unha coreografía.
  - TEMPO: velocidade, acentos, silencios... permiten os cambios nas coreografía

FASE PRINCIPAL: Asistencia á función de Nina Ninette

Programación da saída para ver a peza de danza Nina Ninette.

Nina Ninette é un conto iniciático que se inspira na estética do Ballet Triádico celebrando o centenario da súa estrea, para danzar unha historia de beleza e rebeldía.

Sinopse: Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sente a falta do seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e, como todos os labirintos, é moi doado entrar pero ben complicado saír. Será que ela o consegue?

FASE POSTERIOR: Posta en común das impresións experimentadas

A xeito de asemblea, intercambio de pareceres na aula.

- Que sentimos?
- Que é o que máis nos sorprendeu?
- Que é o que máis nos gustou?
- Que cousas aprenderon
- Como definirías a cada un dos tres personaxes da obra?
- Con cal dos tres te sentes máis identificada/o? Por que?

FASE FINAL: Actividades de xogos creativos

Propoñer unha sesión de "xogar a danzar". Faremos exercicios para traballar co corpo, o movemento, a relaxación e a respiración. Sempre dende unha dinámica de xogo, indicando que todo o que se faga estará ben feito.

Para crear un ambiente adecuado na aula, tentaremos cambiar algúns elementos do espazo para crear "un mundo máxico" como en Nina Ninette. Un mundo de xogo, de seguridade e de confianza. Para isto sería favorable que as nenas e nenos perciban algunha transformación na aula. E que a partires dese momento, dentro dese novo mundo máxico, as regras son outras. A regras do xogo escénico: xogar, explorar, crear expresar, sentir, descubrir.

Podemos utilizar os seguintes recursos dentro da aula para cambiar a atmosfera:

- A luz: buscar unha luz artificial e cálida que potencie a sensación de maxia e o mundo da imaxinación, en contraste coa luz do día, máis terreal e realista
- Decoración da aula: buscaremos facer algún tipo de decoración con papel de aluminio que nos lembre a escenografía de Nina Ninette
- Construción de obxectos: con materiais fáciles de atopar, propoñemos a construción de figuras que nos inspire a obra (flores, bonecas, labirintos...)
- Xogos de expresividade: pediremos ás nenas e nenos que traballen coa expresión non verbal, expresando pensamentos, emocións, ideas, vivencias, etc. Pódese traballar a procura individual da propia expresividade ou a comunicación cos demais. Podemos pedirllas que "interpreten" á súa maneira algún dos personaxes da obra.

## **METODOLOXÍA DAS ACTIVIDADES**

A premisa básica é o xogo. As nenas e nenos van xogar a bailar. A danza é a ferramenta canalizadora do xogo. E toda a actividade ten que estar proxectada arredor da liberdade e o pracer que caracteriza o xogo e da confianza e a seguridade que aporta o feito de que o erro non se penaliza.

Trátase dunha metodoloxía activa e participativa, onde as nenas e nenos son protagonistas e artífices da súa propia aprendizaxe.

O rol do profesorado é clave no sentido de motivar, guiar e orientar a sesión: ocupándose de observar e prestar o apoio e a axuda que precisen, seleccionando os recursos materiais, a preparación da aula, a recollida de datos e a posterior avaliación.

A base da metodoloxía da proposta está na flexibilidade. As actividades serán lúdicas, activas, participativas, de duración curta e baseadas en realidades recoñecibles.

## PROPOSTA DE POSIBLES EJERCICIOS

**-Ejercicio corporal:** poñendo o foco na conciencia do propio corpo e as posibilidades de movemento. Faremos notar que o corpo é un todo formado por varias partes e trataremos de individualizar os distintos segmentos corporais. Sempre tendo en conta que o fundamental é experimentar, sentir e reflexionar.

Nos asentos cos ollos pechados, escoitan as indicacións do ensinante que vai guiando o exercicio. Irán tocando cada parte do seu corpo e os diferentes segmentos para sentir como son. Nomeando cada parte (brazo, perna, cabeza, man, pé....) irán tocando e nomeando as súas características (brando, duro, ancho, fino, quente, frío...) e que tipos de movementos pode facer (pon onde se pode mover, pode xirar ou non...)

**-Ejercicio de respiración:** trátase de facer conscientes ás nenas e nenos do mecanismo da respiración como se fora un xogo.

Explicación das dúas fases da respiración: inspiración e expiración. Faremos a experiencia comparando as súas barrigas con globos e faremos varios exercicios coas mans comprobando como o globo se incha e se desincha.

**-Ejercicio de expresividade:** realizando actividades de expresión corporal dirixidas á comunicación co resto

Pediremos que busquen un xesto ou unha postura que represente a algún dos tres personaxes da obra Nina Ninette.

**-Ejercicio de movemento e ritmo:** esta actividade, alén de traballar o movemento corporal, pode servir para equilibrar a enerxía da aula. Desta maneira, realizaremos exercicios de activación corporal se o ton está baixo; ou exercicios de relaxación se notamos axitación no ambiente

Poñendo unha canción, bailaremos libre e individualmente primeiro, despois por parellas e, por último, nun gran círculo coas mans collidas sen soltarse

-Asemblea: posta en común do experimentado en cada actividade

## Coordinación e seguemento

Realizará a coordinación do proxecto Paula Quintas xa que dispón dunha longa traxectoria no ámbito da xestión cultural, didáctica da danza e artes escénicas como creadora e intérprete.

Á finalización da actividade entregarase unha memoria de actividades.

## 4-PÚBLICO OBXECTIVO

IDADES (de 3 a 10 anos) e CICLOS FORMATIVOS: Ed. infantil, 1º e 2º ciclo de primaria